

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Heroes e heroínas

A historia de Pepa, a Loba, contada por unha anciá nos montes de ValdaPorca

X. Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 29.I.1931 – A Coruña, 16.XII.2015) publicaba en “La Noche” (18.09.1954) un interesante artigo titulado “La historia de Pepa a Loba contada por una anciana en los montes de Valdaporca”, que é transcripción do que, segundo o autor, lle referiu a súa informante.

No orixinal, en castelán; como se pode comprobar na imaxe que anexamos, figura esta dedicatoria: A Esperancita, que tambien me contó una historia de Pepa Loba.

«De Pepa Loba, cóntanse en terras de Ramuín mil historias distintas. A versión que parece máis veraz e máis completa é a que me referiu unha velliña nos montes de Valdaporca.

La historia de Pepa a Loba

Contada por una anciana en los montes de Valdaporca

Nunca quixen nin quererei, e cando queira, morrerei

Transcripción de J. Fernández Ferreiro

A Esperançita, que tamén me contou una historia de Pepa Loba.

De Pepa Loba, se cuentan en las tierras de Rianza, mil historias distintas. La versión que parece más veraz y más completa, es la que me refirió una anciana en los montes de Valdaporca.

—Pepa Loba —dice la simpática vieja—, era hija del pecado como otras muchas mujeres desgraciadas que lá habido. No se sabe ciertamente de dónde era. Uns dicen que era de Barras de Miño y otros que de Xunqueira... Quedó huérfana de niña (huérfana de madre, pues el padre nunca se supo quien era) quedando bajo la tutela de un tío carniceiro que al parecer era ladrón. Con este tío comenzó a robar y a hacerse cruel. Contaban que se alimentaba de sangre, por eso se desarrolló muy pronto. A los dieciséis años tuvo un hijo y le puso un pé en el pescoco y luego se lo echó a los perros. Era muy mala. Por eso le pusieron los mismos hombres de la cuadrilla de bandoleiros que ya de muy joven mandaba, Pepa Loba... Dices que cuando sus hombres regresaban de cometer algún atraco, no les preguntaba si traían dinero, sino si traían sangre...

La anciana hilaba en la ruca lana de sus ovejas. De cuando en cuando alzaba los ojos para ver sus vacas.

—En las ferias —contaba la hiladora— solía llamar para llamar la atención de los hombres. Era muy buena moza. Mucha vez bailaba descorada y deshoestamente, sus hombres robaban a los inocentes admirados. Prender nunca la prendían. Le hacía el amor a los ganaderos y luego los servaba encadenados hasta donde estaban los de su cuadrilla y los desvali-

aban. Bailar bailaba donde no la conocían. Dónde la conocían entraba con cautela o mandaba sus hombres... A veces se vestía de pordiosera y entraba en las casas; se hacía pasar por hombre, por cura... Nunca la daban atrapada... Mi abuela, decía habría conocido en Maceda. Tenía mucha fuerza. Entraba en las aldeas montada en un caballo negro con la frente blanca. Corría como un rayo... Aquí cerca tenían el escondri-

jo. Ahí en Valdaporca. Base sitio éste para ladrones. Pocos eran los días que por estos caminos de la sierra no apareciera algún muerto. Antes por aquí había muchas cruces. Todavía hay algunas... Algunos creen que por aquí seres están escondidas grandes cantidades de dinero pertenecientes a ella. ¿Pero quien sabe la verdad de todo esto?... Cerca de Valdaporca, hay una peña llamada «A moza»; allí era donde sus hombres hacían el reparto. Y cerca de aquí hay otra peña labrada en forma de cruz, llamada «O pénon» que era donde susgraban a los que mataban...

Las vacas, al parecer, repulcaban sus campanillas. El viento del Sur, pasaba furioso y violento por las cumbres. La anciana prosigue:

—También en Valdaporca, a la izquierda del camino que se dirige a la Cabeza de Meda por

Cortecadeira y «Heberdondos», existe un lugar llamado «A tapada do cencuciteros», donde enterraban a los que asesinaban para robar. En ese sitio hay dos losas paralelas; parecen sepulcros. Dicen ser las tumbas donde están enterrados dos arreiros, que transportaban en mulas el vino desde Los Perros hasta Maceda, y a los que dieron muerte los hombres de Pepa Loba...

—Ella, después de ser mala, era buena. Tengo oído decir más de una vez que a los pobres no les robaba; al contrario, que incluso les daba... Fue el bandoleiro más famoso que hubo por aquí; aun lo es hoy. No quiso casar. Contaban que decía: «Nunca quixen nin quererei, e cando queira morrerei. Y finé. Parece ser que en la cuadrilla andaba un muchacho joven que logró conquistarla. El tío de Pepa Loba, la quería sólo por traición. Cara a cara pocos hombres le podían. La mató cuando venían de Monforte, ahí por las fragas del Sur, donde tan bien se escondían. Los hombres se volvían locos por ella, a pensar de que mancaba las armas como un verdadero demonio. Cuando murió se desahó la «gavilla». De ella se cuentan muchas cosas. Dices que cuando le gustaba mucho un hombre o se enamoraba de él que lo mataba. No quería ser dominada por nadie. Y a los hombres les tenía rabia porque era hija de soltero... ¡Cuántas cosas sin xello nin fundamentos tengo oído yo de Pepa Loba! De muchas, ni me acuerdo. Claro, uno va tan viejo ya que...

De esta manera concluyó la bondadosa vieja la historia de Pepa Loba. ¿Verdad? ¿Mentira?... Vayan ustedes a saber.

J. Fernández FERREIRO
Espanha, septiembre, 1954.

DR. PIO GARCIA
PIEL Y VENERELOGIA
(RADIUMTERAPIA)
San Andrés, 6 y B. - Tel. 3326
LA CORUSA

—Pepa Loba —di a simpática vella— era filla do pecado como moitas outras mulleres desgraciadas que houbo. Non se sabe certamente de onde era. Uns din que era de barras de Miño e outros que de Xunqueira ... Quedou orfa de nena (orfa de nai, pois o pai nunca se soubo quen era) quedando baixo a tutela dun tío carniceiro que ao parecer era ladrón. Con este tío comezou a roubar e a facerse cruel. Contan que se alimentaba de sangue, por iso medrou tan axiña. Aos dezaseis anos tivo un fillo e púxolle un pé no pescoco, e logo botoullo aos cans. Era moi mala. Por iso lle puxeron os mesmos homes da cuadrilla de bandoleiros que xa de moza mandaba, Pepa

Loba. Din que cando os seus homes regresaban de cometer algún atraco, non lles preguntaba se traían cartos, senón se traían sangue ...

A vella fiaba na roca lá das súas ovellas. De cando en cando alzaba os ollos para ver as súas vacas.

—Nas feiras —continúa a fiadora— soía bailar para chamar a atención dos homes. Era moi boa moza. Mentres bailaba descarada e deshonestamente, os seus homes roubaban aos inocentes admiradores. Prender nunca a prendían. Facíalles o amor aos gandeiros e logo levábaos enganados ata onde estaban os da súa cuadrilla. E desvalixábanos. Bailar bailaba onde non a coñecían. Onde a coñecían entraba con cautela ou mandaba aos seus homes ... Ás veces vestía de mendiga e entraba nas casas: facíase pasar por home, por cura ... Nunca a daban pillado ... A miña avoa dicía que a coñecera en Maceda. Tiña moita forza. Entraba nas aldeas montada nun cabalo negro coa fronte branca. Corría coma u raio ... Aquí tiña un escondedoiro. Aí en Valdaporca. Bo sitio ese para ladróns. Poucos eran os días que por estes camiños da serra non aparecese algún morto. Antes por aquí había moitas cruces. Aínda hai algunhas Algúns cren que por aquí cerca están agachadas grandes cantidades de cartos que lle pertenceron. Pero quen sabe de verdade todo isto!

Cerca de Valdaporca hai unha pena chamada “A mesa”; alí era onde os seus homes facían o reparto. E cerca de aquí hai outra pena labrada en forma de taza chamada “O pilón”, que era onde sangraban aos que mataban.

As vacas, ao pacer, repenicaban as campañas. O vento do Sur pasaba furioso e violento polos cumes. A vella prosigue:

—Tamén en Valdaporca, á esquerda do camiño que vai á Cabeza de Meda por Cortecadela e “Rebordondo” existe un lugar chamado “A tapada do cemiterio”, onde enterraban aos que asasinaban para roubar. Neste sitio hai dúas lousas paralelas; parecen sepulturas. Din ser as tumbas onde están enterrados dous arrieiros, que transportaban en mulas o viño desde Os Peares ata Maceda, e aos que deron morte os homes de Pepa Loba ...

—Ela, despois de ser mala, era boa. Teño oído dicir máis dunha vez que aos pobres non os roubaba; ao contrario, que incluso lles daba ... Foi o bandoleiro máis famoso que houbo por aquí; aínda o é hoxe ... Non quixo casar. Contan que dicía: “Nunca quixen nin quereirei, e cando queira morrerei”. E foi. Parece ser que na cuadrilla andaba un mozo novo que logrou conquistala. O tío de Pepa Loba, quería só para el, e por iso a matou a traizón. Cara a cara poucos homes lle podían. Matouna cando viñan de Monforte, aí polas fragas do Sil, onde tamén se escondían. Os homes volvíanse tolos por ela, a pesar de que manexaba as armas como un verdadeiro demo. Cando morreu desfixose a “gavilla”. Dela cóntanse moitas cousas. Din que cando lle gustaba moito un home ou se namoraba del que o mataba. Non quería ser dominada por ninguén. E aos homes tíñalles rabia porque era filla de solteira ... Cantas cousas sen xeito nin fundamento teño escoitado eu de Pepa Loba! De moitas, nin me acordo. Claro, un vai tan vello xa ...

Desta maneira concluíu a bondadosa vella a historia de Pepa Loba. Verdade? Mentira? Vaian vostedes saber!

J. Fernández Ferreiro

Espartedo, setembro de 1954